



LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Baltar Feijóo
 D^a .Carmen Cabeza Pereiro
 D^a. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Xose Manuel Cid Fernández
 D^a.Patricia Corbacho Suso
 D. José Cidrás Pidre
 D. Xosé Enrique Costas González
 D. Javier De Vicente Remesal
 D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Luís Domínguez Castro
 D^a Margarita Estévez Toranzo
 D. Antón Fernández Álvarez
 D^a. Ángeles Filgueira Pérez
 D. Alberto Gago Rodríguez
 D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
 D. Francisco Javier García Paz
 D. José Manuel García Vázquez
 D^a Ana Garriga Domínguez
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Jorge Juan Gómez Gude
 D. Roberto González Novas
 D^a. Ana Isabel Gueimonde Canto
 D. Manuel Gutiérrez Nieto
 D. Jesús Hernández Sánchez
 D^a M^a Hilda Iglesias Galán
 D^a M^a Teresa Iglesias Randulfe
 D. José Luis Legido Soto
 D. Daniel Martí Pellón
 D^a María Martínez Rodríguez
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Sergio Pajares Domínguez
 D. Antonio Pena Giménez
 D^a. Ana M^a Pita Grandal
 D. Manuel Ramos Cabrer
 D. Daniel Rey García
 D. J. Óscar Rubiños López
 D. Patricio A. Sánchez Bello
 D. Angel Sánchez Bermúdez
 D. Juan Suárez Creo
 D. Juan Surís Regueiro
 D. José E. Tojo Suárez
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
 D. Ezequiel M. Vázquez López
 D. Amador Vázquez Vázquez
 D. Augusto Viso Alonso

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de once de decembro de dous mil dous, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O mércores, día 11 de decembro de 2002, ás 10:10 horas , comezou a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 23 de outubro de 2002.
2. Informe do Rector.
3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2003.
4. Asuntos de profesorado: Solicitud de Comisión de Servicios. Solicitudes de quinquenios.
5. Emisión do informe sobre a solicitude da creación das Facultades de Química e Ciencias do Mar.
6. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Curso de especialista universitario en fisioterapia do deporte. II Curso de especialista en empresa familiar. III Magister en Ciencia e Tecnoloxía da Conservación dos produtos da pesca.
7. Toma de acordo sobre o recurso de alzada presentado por D. José David Díaz Vázquez contra acordos do Consello de Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento da Xunta de Facultade de Dereito de Ourense.
9. Aprobación, se procede, dos convenios marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Buenos Aires (República Arxentina), a Universidade Nacional del Comanhue, a Universidade de Santander (Colombia), a Universidade Nacional de Litoral (República Arxentina), Convenio específico entre a Universidade del Comahue e a Universidade de Vigo.
10. Elección para cubrir as seguintes vacantes: Comisións Delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (1 estudante), Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes (1 representante do Consello Social). Membros do Consello Social (1 estudante).
Comisión de Reclamacións (2 PDI, 1 estudante) .
11. Elección da Comisión de Doutoramento .
12. Elección das Comisións de Biblioteca, de Publicacións e de Cursos e Convenios.
13. Rogos e Preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 23 de outubro de 2002.

Apróbase a acta por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

Neste punto o Rector informa:

- Do nomeamento de Dona Antonia Blanco Pesqueira como Directora da Área de Coordinación do Campus de Pontevedra, Don Jesús Castro Fojo como Director da Área de Centros e Don Javier Pérez Guerra como Director da Área de Departamentos.

- De dúas sentencias favorables á universidade sobre asuntos que, pasaron por Xunta de Goberno: unha en relación co recurso interposto por D. Carlos Traveso Pardo, Don Virgilio Rodríguez de Miguel e Don Alfonso Fontenla sobre a aprobación dos Planos de estudos de Enxeñeiro Técnico Industrial e a segunda co recurso de apelación interposto contra a sentenza do recurso contencioso-administrativo interposto por Dona M^a do Carmo Enríquez Salido, en relación coa dirección do Departamento de Lingua Española.

- Do nomeamento no MECD de Don Pedro Chacón como novo Director Xeral de Universidades.

- Sobre as dúas reclamacións ó texto da lei do Consello Social presentadas no seu día polo Rector que foron aceptadas públicamente polo Conselleiro de Educación e ían a corrixir o texto nese sentido.

- Da aprobación na última permanente do Consello de Coordinación Universitaria da saída a información pública do título de “Ciencias Sanitarias”.

-Da última reunión sobre o mapa de titulacións informa do seguinte:

A titulación de Turismo era demandada pola Universidade de Vigo e pola de Santiago, pero como xa está no sistema universitario de Galicia, (a Universidade da Coruña ten unha titulación propia de Turismo) non entra nas titulacións a implantar para o curso 2002-2003.

En relación co resto das titulacións solicitadas pola Universidade de Vigo que cumpren cos requisitos: no Campus de Pontevedra soamente hai solicitada a de Comunicación Audiovisual polo que non hai problema.

No campus de Ourense hai dúas : Antropoloxía Social e Ciencias Ambientais polo que habería que decidirse por unha.

No campus de Vigo o Rector informa, que fixo unha aposta polas Enxeñerías Técnicas de Telecomunicación.

En xaneiro farase a proposta das titulacións a implantar en outubro de 2003 e a continuación seguirase falando das que se implantaría entre o 2004-2007.

- En relación coa catástrofe do Prestige o Rector propón que salga do Consello de Goberno unha declaración institucional, para o que presenta un borrador sobre o que se pode traballar ata acadar un pronunciamento unánime sobre este tema. Di que a Universidade de Vigo dende os comezos desta crise estivo implicada a tódolos niveis e que nos momentos críticos nunca fomos consultados dun xeito oficial. Di que ultimamente empeza a haber algunha oferta insitucional de financiamento para traballos científicos de diagnóstico e liñas de actuación. Cre que hai unha oportunidade interesante para estudantes relacionados co mundo da bioloxía marina, contaminación, etc... e estase a pensar e organizar algo de maior calado con tódalas universidades.

Di que debemos pretender organizar o que vai ser o traballo da universidade, que hai un calendario previsto para que os centros se turnen para realizar labores de colaboración e deste xeito que a cidadanía comprenda que si a universidade para as súas actividades e para traballar.

A continuación ábrese un turno de intervencións.

Intervén en primeiro lugar, o profesor Costas como membro da coordinadora de centros e da xeral do campus e informa de adopción dos acordos seguintes:

- Apoiar o manifesto institucional
- Secundar o calendario de traballo elaborado e pedir que se amplie para os tres primeiros meses do ano 2003
- Pedir un paro institucional xeral de Universidade.

Así mesmo pide que conste en acta o recoñecemento ós 67 compañeiros científicos polo escrito valente que fixeron e tamén para os estudantes que están a traballar duramente. Remata solicitando que a Universidade garanta a saúde, na medida do posible, dos que van a traballar.

O Rector di que xa se tomou a medida de estender o seguro escolar para que cubra o que lles poida ocorrer nas tarefas de limpeza e que tamén se está a traballar coas outras universidades galegas sobre a posibilidade da existencia de bolsas preferentes para fillos de afectados por esta traxedia.

O profesor Domínguez cree que debe ser a OMA a que faga as labores de coordinación e propón delegar na COAP o contemplar a posibilidade de validar como créditos de libre elección a prestación destes servizos a sociedade galega por parte dos estudantes.

O Rector propón deixar que a COAP estudie esa posibilidade.

A continuación prodúcense intervencións dun gran número de membros do Consello de Goberno sobre o texto da declaración institucional e sobre as accións a realizar.

O Rector despois de recoller o sentido das diversas intervencións propón a redacción final da declaración institucional que figura como Anexo I e que o Consello de Goberno aproba por unanimidade.

Así mesmo, propón as seguintes accións:

- Paro institucional para o día de hoxe a partir das 18 horas e recomendación os universitarios a participación nas manifestacións que o día 11 de decembro se celebren por ese asunto.

-Secundar o calendario elaborado por membros da coordinadora de centros da suspensión de actividades docentes nos centros para facilitar as labores de colaboración. Este calendario ampliarase a tódolos centros de universidade en coordinación coa OMA.

Neses días haberá servizos mínimos nos centro.

Acéptase por unanimidade.

Punto 3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2003.

Intervén en primeiro lugar o Vicerrector de Planificación que fai a presentación do orzamento 2003. Indica que o crecemento no volume de negocios da institución e de aproximadamente un 5% e destaca como principais novidades os ingresos extraordinarios por alleamento de diversos bens patrimoniais e a incorporación de achegas por contratos de investigación, proxectos etc. Así mesmo, sinala un esforzo importante na incorporación de incrementos dotacionais en certos programas de gasto como son: Biblioteca, Extensión, Calidade, Relacións Internacionais e Docencia e alumnado. Remata a súa intervención agradecendo a tódolos que participaron neste documento como administradores de centros, Decanos e Directores e Servizos Centrais.

A continuación ábrese un turno de intervencións:

O profesor Tojo agradece o Vicerrector a consulta que fixo a Nova Universidade o que significa un cambio de talante. Considera que a incorporación das achegas de proxectos, etc...no capítulo I pode levar a conclusións erróneas e que para comparar este orzamento co do ano 2002 habería que retirar estes conceptos, desde xeito o aumento non sería do 5.03% senón do 2,95%. Parécelle arriscado incorporar como ingreso no capítulo VI os 4,5 millóns de euros por alleamento de bens patrimoniais xa que lle parece difícil que no mes de xuño estean liberadas os edificios dos anexos o Rectorado. No capítulo de gastos non comparte o modelo do programa de Aulas de Formación Aberta que se fixo e espera que isto fora así soamente por iste ano e debido a urxencia de polo en marcha.

Denuncia que desaparece partidas importantes como son as bolsas postdoutorais e a do plano de seguridade nos laboratorios. No que respecta ós programas nos que

hai un incremento, dotacional di que ó comparalos cos presupostos do ano 1999 as cantidades destinadas son menores a pesar do incremento.

Parécelle excesivo o gasto nos apartados de material de oficina, limpeza e aseo e no xurídico-contencioso. Remata a súa intervención facendo algunhas preguntas concretas o Vicerrector.

Responde o Vicerrector de Planificación ás preguntas, e no que respecta o resto da intervención di que cre que non hai riscos coa incorporación como ingresos o correspondente a venta do Anexo do Rectorado xa que espera que o traslado dos servicios centrais o edificio do Rectorado I se faga entre xuño e setembro e que antes de que finalice o ano esta previsión orzamentaria estará resolta. Comparte a opinión de que non lle satisface este orzamento xa que hai cousas que quedan fora e que lle gustaría habelas incluído xa que non foi posible. Cre que aínda que aparentemente parece continuista hai novidades a nivel interno xa que hai aspectos cuantitativos e cualitativos salientables.

A Sra. Iglesias Galán fai unha serie de preguntas concretas sobre determinadas partidas algunhas delas son contestadas no momento polo Vicerrector e o Xerente quedando outras pendentes de aclaración. Así mesmo suxire que a partida 625 de mobiliario e equipamento se puidera descentralizar algo máis, en biblioteca pide un esforzo adicional nos equipos informáticos para usuarios e felicita pola apertura das partidas correspondentes para a construción das Bibliotecas de Ourense e da Facultade de Ciencias de Vigo.

O profesor Legido agradece o Vicerrector a solicitude de suxerencias os Directores de Departamento e incide, como en anos anteriores, que na distribución dos créditos os Departamentos se teña en conta dalgún xeito a dispersión da plantilla, xa que hai departamentos que teñen moitos profesores noutros campos o que implica un gasto en axudas de custo de desprazamento importante.

O Rector propón que nos criterios de distribución os departamentos da parte que non corresponde a produción científica se faga como segue:

1º Asignación dunha cantidade fixa por departamento.

2º O restante distribuírase proporcionalmente ó número de profesores ponderados por dedicación e dispersión xeográfica nos campus, segundo a fórmula que defina a Comisión de Planificación

Acéptase por asentimento esta modificación.

O profesor Domínguez agradece as consultas feitas polo Vicerrector os Decanos dos Centros e pide aclaracións sobre determinadas cuestións puntuais.

O Sr. Baltar pregunta por qué diminúe o presuposto do Consello Social en relación co ano 2002.

O Vicerrector responde que a presupostación fíxose en función do gasto real executado polo Consello Social no ano 2002.

A profesora Pita Grandal se suma o agradecemento polas consultas feitas polo Vicerrector e coincide co profesor Legido en relación co presuposto dos Departamentos, indica que hai áreas dotadas insuficientemente e que isto esixe unha revisión.

A Sra Corbacho pide, que igual que en anos anteriores, a posibilidade de que a partida correspondente a Delegación de Alumnos teña unha pequena porcentaxe no capítulo VI.

A Sra. Filgueira pide maior flexibilidade á hora de realizar o gasto correspondente a delegación de alumnos.

Despois dun turno de réplica remátase o debate e sométese a votación o proxecto de orzamento incluídos algunhas incorporacións xurdidas no mesmo.

Realízase a votación:

Votos a favor	24
Votos en contra	5
Abstencións	3

Apróbase o orzamento para o ano 2003 que figura como Anexo II.

Punto 4. Asuntos de profesorado: Solicitud de Comisión de Servicios. Solicitudes de quinquenios.

Apróbase por asentimento a concesión da comisión de servicios a Don Miguel Ángel Esparza Torres para o curso 2002/2003 na Universidade Rey Juan Carlos.

En relación co nº de tramos docentes a Vicerrectora de Organización Académica e profesorado informa que o R.D. 74/2000 (que modifica parcialmente o Decreto 1086/1989) fixa o nº máximo de tramos docentes en seis pero non di nada de si un profesor pode solicitar o sétimo tramo e, no caso de ter avaliación positiva, renunciar a un dos que xa ten concedidos previamente. Para resolver estas situacións somete a consideración do Consello de Goberno o texto seguinte:

“Os profesores que teñan avaliados positivamente seis tramos docentes e houberan cambiado de Corpo ou Praza durante este período, poderán solicitar a avaliación do sétimo tramo (e posteriores) facendo constar a súa renuncia a un tramo anterior xa recoñecido, no caso de obter avaliación positiva nesta solicitude”.

Pide a palabra o profesor Santamaría, presidente da Xunta de PDI, e di que lle parece ben a proposta formulada pola Vicerrectora pero que isto é cuestión de negociación sindical previa, e nela está pendente o tratamento dos tramos consolidados noutras Administracións Educativas, con anterioridade ós da Universidade.

Por isto, sobre a concesión de complementos específicos por méritos docentes pide sexa oída a Xunta de PDI.

Apróbase por asentimento o texto proposto pola Vicerrectora.

Punto 5. Emisión do informe sobre a solicitude da creación das Facultades de Química e Ciencias do Mar.

Ante a falta de resposta de Xunta de Titulación de Bioloxía sobre o cambio de nome da terceira Facultade que resulta despois da creación da Facultade de Ciencias do Mar e de Química o Rector propón a emisión do informe favorable para a creación das mesmas e o cambio de nome da terceira Facultade, de Facultade de Ciencias por Facultade de Bioloxía, así se tramitará o Consello Social indicándolle que espere ata o 15 de xaneiro de 2003 para a tramitación desta solicitude para o caso de que a Xunta de Bioloxía faga outra proposta, en caso contrario o nome proposto e de Facultade de Bioloxía.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Curso de especialista universitario en fisioterapia do deporte. II Curso de especialista en empresa familiar. III Magister en Ciencia e Tecnoloxía da Conservación dos produtos da pesca.

O Vicerrector de Postgrao e formación continua di que por un erro figura na orde do día o III Magister en Ciencia e Tecnoloxía da Conservación dos Produtos da Pesca xa que esta pendente de que se resolvan algunhas cuestións formais.

Sométese a unha votación a aprobación dos outros dous cursos

Votos a favor	23
En contra	0
Abstencións	1

Punto 7. Toma de acordo sobre o recurso de alzada presentado por D. José David Díaz Vázquez contra acordos do Consello de Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa que se trata dun recurso contra acordos do Consello do Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde relacionado coa non renovación dunha praza de profesor asociado, e que o informe da Asesoría Xurídica propón desestimar o recurso na mesma liña que os casos semellantes que xa foron tratados neste Consello de Goberno.

Intervén a profesora Cristina Arias, Directora do Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde, e fai unha exposición detallada do procedemento seguido no Consello para chegar a proposta final de non renovación de praza

ocupada polo profesor D. José David Díaz Vázquez e que foi aprobada por asentimento. Sinala que o acordo figura na acta do dito Consello e que pon a disposición de tódolos membros do Consello de Goberno.

O profesor Santamaría, presidente da Xunta de PDI, lembra a intervención do profesor Remesal na sesión do Consello de Goberno do 17 de setembro de 2002 na que quedou claro que os asuntos relativos a persoal deben estar sempre motivados e que o que hai que motivar é a renovación, non o vencemento, dos contratos do profesorado asociado polo que débese requirir o Departamento para que motive o acordo adoptado.

Despois de varias intervencións acórdase desestimar o recurso por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, do Regulamento da Xunta de Facultade de Dereito de Ourense.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, dos convenios marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Buenos Aires (República Arxentina), a Universidade Nacional del Comahue, a Universidade de Santander (Colombia), a Universidade Nacional de Litoral (República Arxentina), Convenio específico entre a Universidade del Comahue e a Universidade de Vigo.

Despois da intervención da profesora Pita Grandal na que sinala que xa existe un convenio marco coa Universidade de Bos Aires, a Secretaria Xeral indica que por erro figura como convenio marco cando se trata dun convenio específico con dita Universidade. Corrixido o erro, apróbanse por asentimento.

Punto 10. Elección para cubrir as seguintes vacantes: Comisións Delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (1 estudante), Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes (1 representante do Consello Social). Membros do Consello Social (1 estudante).
Comisión de Reclamacións (2 PDI, 1 estudante) .

Comisión de Investigación, non hai candidatos.

Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes: soamente hai unha candidatura polo que non é necesario facer elección quedando elixida como representante do Consello Social nesta comisión dona M^a Teresa del Rosario Vidal Gallego.

Membros do Consello Social: había dous candidatos pendentes da sesión do último Consello de Goberno para cubrir un posto vacante polo sector de estudantes:

Dona Patricia Corbacho Suso
Don Rubén Garrido Bernárdez

Don Rubén Garrido Bernárdez renuncia a súa candidatura polo que Dona Patricia Corbacho Suso pasa a formar parte do Consello Social.

Punto 11. Elección da Comisión de Doutoramento .

Presentáronse oito candidatos para cubrir oito postos. Os candidatos propostos son :

ALICIA CACHAFEIRO LÓPEZ
 ALMUDENA FERNÁNDEZ BRIERA
 GUILLERMO FRANCÉS PEDRAZ
 JOSÉ Mª GARCIA-MIGUEL GALLEGO
 ANTONIO GARCÍA PINO
 PABLO HERVÉS BELOSO
 JOSE LUIS MÍGUEZ TABARÉS
 CORAL DEL RÍO OTERO

O Rector di que se acadou un consenso para a presentación de candidatos polo que propón que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Elección das Comisións de Biblioteca, de Publicacións e de Cursos e Convenios.

O Vicerrector de Investigación di que hai unha proposta consensuada para tódalas comisión no sector PDI e PAS agás no sector de estudantes e que os representantes deste sector propoñen aprazar para o próximo Consello de Goberno a proposta deste sector.

A proposta da composición das tres comisións no sector PDI e PAS é a seguinte:

Comisión de Biblioteca:

Sector PDI: Dona Helena Cortés Gabaldón, Dona Ángeles Domínguez Santiago, Dona Inés C. Iglesias Canle, D. José M. Matías Fernández, D. Luís Muñoz López, D. Lorenzo Pastrana Castro, D. Francisco J. Pérez Rodríguez, D. José Rúa Saraujo, e Dona Carmen Ruíz Hidalgo.

Sector PAS: Dona Alicia Costas González, Dona Laura González Novoa e Dona Ana Quiroga Fraga.

Comisión de Publicacións:

Sector PDI: D. Aquilino Alonso Núñez, Dona Luísa Andrade Couce, D. José I. Armesto Quiroga, Dona Mercedes Durany Castrillo, D. Abel Fermín Losada, D. Fernando Romo Feito .

Sector PAS: Dona Julia Mencía Castro.

Comisión de Cursos e Convenios:

Sector PDI: D. José M. Fraiz Brea, D. Fernando Obelleiro Basteiro, D. Fermín Pérez Losada e D. Antonio Vaamonde Liste.

Sector PAS: Dona Ángeles López Lozano.

Apróbanse por asentimento.

Punto 13. Rogos e Preguntas.

A Sra. Iglesias Galán solicita si é posible enviar a documentación de Consello de Goberno previamente por correo electrónico. A continuación da lectura a un escrito que figura como Anexo III.

O Sr. González Novas pregunta por qué non se incluíu na orde do día un punto solicitado polos estudantes da Facultade de Ciencias Económicas.

A Secretaria Xeral di que recibiu un escrito sin asinar ó que acompañaba unhas fotocopias de sinaturas, indica que fixo as consultas oportunas á Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado e ó Servicio de Alumnado e ,en función da información recibida considerou que o tema fora xa suficientemente tratado e enviou a contestación nese sentido ós alumnos que viñan relacionados no devandito escrito.

O Rector di que de volver a persistir a solicitude despois desta contestación trataríase de novo o tema.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:00 horas do día 11 de decembro de 2002 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Rector:

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfé